



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

*Anuncio relativo á aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización da emisora municipal "Radio Negreira" para a emisión de anuncios publicitarios e actividades de natureza análoga*

O Pleno da Corporación con data de 12 de xullo de 2012, acordou a aprobación inicial da Ordenanza Reguladora do prezo público pola utilización da emisora municipal "Radio Negreira" para a emisión de anuncios publicitarios e actividades de natureza análoga.

Publicada con data 20 de xullo de 2012 no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se presentasen reclamacións considerase aprobada definitivamente. Publícase a continuación o texto completo da ordenanza.

Negreira, 04 de setembro de 2012

José Blanco Pazos

Alcalde-Presidente

### ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA EMISORA MUNICIPAL "RADIO NEGREIRA" PARA A EMISIÓN DE ANUNCIOS PUBLICITARIOS E ACTIVIDADES DE NATUREZA ANÁLOGA.

#### Artigo 1º. Fundamento legal

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, do 28 de Decembro, Reguladora das Facendas Locais este Concello establece o prezo público pola utilización da emisora municipal de radio para a emisión de anuncios publicitarios e actividade de natureza análoga.

#### Artigo 2º. Concepto e obrigados ó pagamento.

1- Estarán obrigados ó pagamento aquelas persoas ou entidades que contraten a emisión de anuncios publicitarios ou actividades de natureza análoga mediante a emisora municipal de radio.

2- A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo, entendéndose este no momento da sinatura do contrato que ampara a emisión da cuña publicitaria.

3- O pagamento do prezo público será previo ó comezo da emisión dos anuncios publicitarios.

4- O pagamento do prezo público realizarase por aquelas formas de pago que determine o Concello. As débedas por este prezo poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema.

5- No caso de que, por causas imprevisibles no momento de sinatura do contrato, o citado servizo de emisión de anuncios publicitarios ou outro de natureza análoga non puidese prestarse, o Concello poderá, previa solicitude do interesado, resolver motivadamente a devolución do importe aboado.

6- No caso de que o servizo xa te tivese prestado parcialmente, poderá o Concello, nos termos do apartado anterior, proceder á devolución parcial do prezo público aboado.

#### Artigo 3º. Contía

1.- Tarifas para cuñas publicitarias:

Duración cuña	Tarifa por cuña
30 s	2,00 €

2.- Non se contratarán paquetes de menos de 15 cuñas.

3.- Por volume de contratación de cuñas efectuaranse os seguintes descontos porcentuais.

NUMERO DE CUÑAS	PRECIO/CUÑA	DESCONTO	RESULTADO
30	2,00 €	5%	57,00 €
60	2,00 €	10%	108,00 €
120	2,00 €	15%	204,00 €
180	2,00 €	20%	288,00 €
360	2,00 €	25%	540,00 €
540	2,00 €	30%	756,00 €

O horario e días de emisión das cuñas establecerase no momento da contratación en función dos intereses do contratante e a dispoñibilidade na programación, podendo os empregados da radio municipal no caso de que puntualmente fora necesario realizar os cambios que estimen oportunos.

4.- Espazos patrocinados. Os espazos patrocinados incluírán un mínimo de 90 segundos de publicidade directa e indirecta por espazo patrocinado. Tarifas:

	SEGUNDO SEXA O ESPAZO DE EMISION		
	DIARIO	2 DIAS POR SEMANA	SEMANAL
TARIFA TRIMESTRAL	288,00 €	144,00 €	72,00 €
DESCONTO POR CONTRATO ANUAL	25%	15%	5%
TARIFA ANUAL	864,00 €	489,60 €	273,60 €

Veces por semana	Tarifa por patrocinio	Mes	Trimestre	Descuento anual	Anual	Emissiones	Alusiones
1	6,00 €	24,00 €	72,00 €	5%	273,60 €	48	144
2	6,00 €	48,00 €	144,00 €	15%	489,60 €	96	288
4	6,00 €	96,00 €	288,00 €	25%	864,00 €	192	576

5.- Tarifas por notas necrolóxicas:

TARIFA	20 €/esquela
--------	--------------

6.- Patrocinio sección de necrolóxicas.

TARIFA TRIMESTRAL	288,00 €
DESCUENTO POR CONTRATO ANUAL	25%
TARIFA ANUAL	864,00 €

7.- Tarifa por utilización das instalacións da emisora municipal para a emisión de espazos e campañas de publicidade especiais, sorteo de produtos (publicidades de casas comerciais, eventos patrocinados...) incluíndo servizos de redacción, creación, experimentación, locución e gravación.

TARIFA	DURACION
50,00 €	Máximo de 30 minutos

8.- A estas tarifas aplicaráselle a suba anual do IPC.

9.- Todas as tarifas se entenderán sen IVA incluído.

#### Artigo 4º. Normas de xestión.

1.- Cando o contratante non subministre os seus propios produtos e estes teñan que ser producidos pola emisora entenderase que os mesmos pasan a ser propiedade da emisora municipal e non poderán ser utilizados noutros medios de comunicación ou difusión públicos ou privados sen a súa previa solicitude por escrito e o consentimento expreso da dirección da emisora.

2.- A prestación deste servizo requirirá a sinatura dun contrato entre as partes, solicitante e Concello, no que conste a autorización da emisión polo Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue, de acordo coa lexislación de réxime local, e levará implícito a solicitude da persoa ou entidade interesada na difusión do espazo publicitario. Reflectiranse así mesmo, tempo e tipo de emisión e tarifa a liquidar e período de liquidación.

3.- Cando se solicitase a emisión dalgún anuncio publicitario, ou dalgún patrocinio de programas por casas comerciais, que considere que poden atentar contra a Constitución, as leis, as persoas ou a moral ou as boas costumes, quedará en suspenso a resolución acerca da súa emisión, ata que se pronuncie ó respecto o Pleno do Concello.

4.- A publicidade producida na propia emisora emitirase en lingua galega.

**Disposición final. Aprobación e vixencia**

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2012. Permanecerá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

2012/11421